



PROXECTO IFAS

Lugar de realización: Fundación Érguete-Integración, Avda. Martínez Garrido, 21, interior – 36205 Vigo

Persoas destinatarias: 10 mulleres drogodependentes en risco de exclusión social ou desprotección e en situación de violencia de xénero.

Data de inicio: 03/07/2017

Data de finalización: 27/10/2017

Finalidade do proxecto: Favorecer a inserción social de mulleres drogodependentes en risco de exclusión social ou desprotección, en situación de violencia de xénero, e empoderalas de tal xeito que poidan identificar os indicadores dunha relación de maltrato e analizar a presenza de consumo de drogas nas etapas do ciclo de violencia.

Descrición: Trátase de desenvolver unha serie de actividades deseñadas individual e grupalmente para mulleres drogodependentes en risco de exclusión social ou desprotección e en situación de violencia de xénero, co propósito de favorecer a súa inserción social, dotándoas daquelas ferramentas de autocontrol necesarias para manter os seus consumos a niveis compatibles con patróns de vida o máis normalizados posibles, e empoderalas de tal xeito que poidan identificar os indicadores dunha relación de maltrato e analizar a presenza de consumo de drogas nas etapas do ciclo de violencia.

Actividades:

- Sesións individuais de autocontrol: 8 sesións de 1h e 30min (máis sesións de seguimento a demanda), cunha periodicidade dun día á semana (venres), para os casos nos que se requira tratamento individual.
- Un grupo de traballo reducido (máximo 5 persoas) que se reunirá os mércores, destinado ao tratamento xeral de temas relacionados coa relación consumo/violencia, en sesións dunha hora de duración e cunha periodicidade dunha sesión ao mes.